



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



galicia

Resolución de 17 de febreiro de 2020 da Dirección xeral da Academia Galega pola que se convocan á sesión de elección de praza as persoas que superaron o proceso selectivo para o ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de concurso, convocado por Orde do 31 de maio de 2019 (DOG núm. 115, do 19 de xuño)

De conformidade co establecido na base 9.2 da Orde de 31 de maio de 2019 (DOG núm. 115, de 19 de xuño)

RESOLVO

Primeiro: Convocar as persoas que se presentaron a este proceso selectivo e pola orde que se relaciona no anexo I de acordo co comunicado polo tribunal designado para xulgar este proceso a través da resolución do 8 de febreiro de 2020, publicada na páxina web da Agasp, ao acto de elección de praza terá **lugar o día 21 de febreiro de 2020 as 10:30 horas na sala de conferencias da Agasp.**

A relación de prazas a elixir achegase como anexo II a esta resolución.

As persoas aspirantes deberán acudir ao acto de elección de praza provistas do DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa identidade; no suposto de non comparecer persoalmente poderán ser representadas por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

A concurrencia por parte das persoas aprobadas á reunión de elección de praza é obrigatoria nos mesmos termos e coas mesmas excepcións que se aplican á obriga de acudir ás probas das oposicións consonte o artigo 12 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro. Ás persoas aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante seranlles adxudicadas as prazas que lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación daquelas ás persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.

Segundo: Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de alzada segundo o indicado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Estrada, na data da sinatura dixital

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez



Xacobeo 2021

